| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 65/80 |

interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo segunda.- Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 66/80 |

protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".




| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 67/80 |

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

**2º.-** Aprobar o gasto de 5.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, a favor do Concello de Sarria, para sufragar os gastos derivados da actuación "Vibra Xoán".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA, DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE XESTIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR).**

Logo de ver a proposta do señora deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal di:

"*Normativa aplicable.*

Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal



| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 68/80 |

das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Extracto da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

*Antecedentes*.

Primeiro.- No articulado da devandita Orde e de xeito sucinto contémplase:
Finalidade.- O artigo 1 da Orde establece que estas subvencións teñen como finalidade a transformación dixital e modernización do padrón municipal das entidades locais.
As subvencións están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), instrumento de financiamento orientado aos resultados, fitos e obxectivos indicados no mesmo, que resultan vinculantes para todas as administracións públicas participantes. De maneira específica, estas bases reguladoras dítanse en desenvolvemento do Compoñente 11, Investimento 3, do mencionado PRTR.
As actuacións subvencionables que se leven a cabo en aplicación desa Orde deberán enmarcarse, nalgunha das dúas tipoloxías previstas no artigo 5.

Beneficiarios.- Entre outros beneficiarios, o artigo 3 inclúe ás deputacións provinciais de réxime común, sendo os destinatarios das actuacións que realicen, nos termos do artigo 5, os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, e de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.
A Disposición Adicional 4ª establece, á súa vez, que as entidades beneficiarias das axudas ofrecerán adherirse ás actuacións realizadas ao restos dos municipios do seu ámbito provincial non recollidos no artigo 3,1, co obxectivo dunha xestión máis eficiente dos servizos que permita garantir unha prestación máis eficiente dos mesmos.

*Procedemento.- Concorrencia non competitiva.*

Obxectivos xerais.- O artigo 5.1 da Orde determina que as actuacións subvencionables deberán encadrarse nalgunha das seguintes tipoloxías, podendo as beneficiarias solicitar a subvención para o desenvolvemento dunha delas ou para ámbalas dúas:




| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 69/80 |

Actuación 1: Posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal.
Cada municipio do ámbito territorial da entidade beneficiaria deberá contar cunha base de datos de vivendas, unificada a nivel nacional, na que se identificará cada vivenda mediante un identificador baseado na referencia catastral no territorio fiscal común, ou no código equivalente nos territorios forais, do ben inmoble no que estea situado o fogar. Así mesmo, deberase contar con ferramentas que permitan a actualización da información obrante na devandita base de datos.
Prevese que, de acordo con os ámbitos definidos no obxectivo 168 e no fito 169, esta actuación contribuirá á consecución da transformación dixital en termos de automatización e Administración pública centrada nos datos.
Actuación 2: Posta en marcha dun novo sistema de intercambio de información padroal en tempo real entre os municipios e o Instituto Nacional de Estatística (INE).
A actuación subvencionable comprenderá a elaboración dos proxectos de adaptación desde os sistemas de información actuais dos concellos, de periodicidade mensual.
Da mesma forma, e de acordo con os ámbitos definidos no obxectivo 168 e no fito 169, esta actuación contribuirá á consecución da transformación dixital en termos de automatización e Administración pública centrada nos datos.

Importe da axuda.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva. A Orde asigna unha cantidade máxima de axuda por Entidade, calculada en función da poboación e que ven determinada no anexo VIII. No caso da Deputación de Lugo a axuda máxima asignada é de 1.260.000,00€.
As subvencións irán destinadas a financiar os proxectos presentados ata o importe máximo que corresponde por entidade.
Con todo, segundo o artigo 9, no caso de que a entidade beneficiaria non presentase solicitudes polo importe máximo asignado no anexo VIII, o importe non solicitado poderá ser distribuído para financiar actuacións presentadas polo resto das entidades beneficiarias que esgotasen o máximo asignado nos termos desta orde. Para ese efecto, o importe non solicitado será prorrateado a partes iguais entre as entidades que houberan presentado actuacións elixibles por enriba do orzamento máximo asignado a esta orde,nos termos previstos na mesma.
O financiamento dos proxectos obxecto desta convocatoria poderase complementar coas achegas que realicen as entidades beneficiarias con cargo aos seus orzamentos.

Período de execución.- O artigo 11 establece que o período de execución do proxecto determinarase na resolución de concesión e, en todo caso, estará comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e o 30 de xuño do 2025.
Considerarase gasto realizado o que leve a cabo dentro do período de execución e fora aboado con anterioridade ao remate do período de xustificación.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 70/80 |

Prazo.- Art. 14. A tramitación do procedemento é a través da sede electrónica do Ministerio de Política Territorial[5] e o prazo de presentación de solicitudes remata ás 15.00 horas do día 1 de abril de 2024.

Documentación.- art. 15. A Orde, entre outros documentos propios dunha solicitudes de axudas (certificados de non ter débedas, autorizacións de consultas de datos, certificado de conta bancaria...) esixe acompañar a solicitude do proxecto que se quere executar que deberá esta validado polo Delegado do INE de Lugo así como un certificado da entidade solicitante, do acordo ou resolución adoptado polo órgano competente, no que deberán constar, de maneira expresa, os seguintes extremos:

1. A aprobación do proxecto para o que se solicita a subvención.
2. Listado dos municipios destinatarios da actuación subvencionable.
3. A participación e aceptación do procedemento regulado nesta orde e a solicitude da subvención.
4. O compromiso de que a entidade dispoñerá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade.
5. O compromiso de que a entidade, ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden á entidade beneficiaria.

Anticipo.- No art. 20 contempla un pagamento anticipado da axuda do 50% da cantidade concedida. O importe da axuda restante quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa. A xustificación deberá presentarse no prazo máximo de dous meses a contar desde a finalización do prazo para a realización do proxecto (art. 22.5).

Segundo.- Con data 15.03.2024, a Xunta de Goberno acordou solicitar as axudas reguladas na devandita Orde polo importe máximo asignado á Deputación de Lugo (1.260.000,00 €) e aprobar o proxecto para a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal contemplado como Actuación 1 no artigo 5.1.a) da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, para aqueles concellos da provincia de Lugo que decidiran adherirse ao mesmo. Faise

[5] https://sede.administracionespublicas.gob.es/procedimientos/portada/ida/0/idp/520



|  | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 71/80 |

constar expresamente en dito acordo que a Deputación de Lugo non realizará aportación para a execución deste proxecto.
Con data 01.04.2024 formalízase a solicitude de axudas na sé electrónica do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática (expediente interno: 2024XEN_01000732).

Terceiro.- Con data 24 de xullo do 2024, recepciónase resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local que consta no expediente, e onde se resolven as devanditas axudas para todas as entidades solicitantes, concedendo á Deputación de Lugo unha axuda que ascende a 1.260.000,00 €.
No Anexo I de dita resolución relaciónanse os proxectos para os que se outorgan as axudas reguladas na Orde TER/1235/2023, sendo á Deputación de Lugo unha das entidades beneficiarias polos importes e conceptos que se incorporan en cadro xunto:

| DIPUTACIÓN PROVINCIAL/CA UNIPROVINCIAL/ CIUDAD AUTÓNOMA | Proyecto | Importe máximo de la ayuda | Importe solicitado proyecto | Importe concesión proyecto |
|---|---|---|---|---|
| Lugo | GEOPADRÓN | 1.260.000,00 € | 1.260.000,00 € | 1.260.000,00 € |

Nesta Resolución indícase que de acordo co disposto no apartado 4.º do artigo 18 da Orde TER/1235/2023, "entenderase que a entidade beneficiaria acepta todas as condicións da subvención, se esta non manifesta a súa oposición dentro do prazo de dez días desde a notificación da resolución de concesión da mesma"

Considerando a subvención concedida a esta entidade por un importe total de 1.260.000,00 €, informáse sobre a necesidade de realizar a consignación orzamentaria oportuna para continuar co procedemento, e cumprido dito trámite que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a subvención do ministerio de política territorial e memoria democrática, por importe de un millón douscentos sesenta mil euros (1.260.000,00 €), destinada á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal dos concellos da Provincia de Lugo, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia.
O importe de dita axuda destinarase á implementación do proxecto denominado Geopadrón, para a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal contemplado como Actuación 1 no artigo 5.1.a) da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, para aqueles concellos da provincia de Lugo que decidiran adherirse ao mesmo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 72/80 |

A Deputación de Lugo non realiza aportación económica para a execución deste proxecto.

Segundo.- Designar ás persoas que ostentan a titularidade de Adxunto á Xefatura de Servizo do Servizo de Comunicación e TICs e da Xefatura de Sección de Innovación e Participación Cidadá para operar como responsables autorizados na execución da subvención tanto na operativa interna desta Entidade como ante as Entidades Executoras externas dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

**1º.-** Aceptar a subvención do ministerio de política territorial e memoria democrática, por importe de un millón douscentos sesenta mil euros (1.260.000,00 €), destinada á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal dos concellos da Provincia de Lugo, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia.
O importe de dita axuda destinarase á implementación do proxecto denominado Geopadrón, para a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal contemplado como Actuación 1 no artigo 5.1.a) da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, para aqueles concellos da provincia de Lugo que decidiran adherirse ao mesmo.
A Deputación de Lugo non realiza aportación económica para a execución deste proxecto.

**2º.-** Designar ás persoas que ostentan a titularidade de Adxunto á Xefatura de Servizo do Servizo de Comunicación e TICs e da Xefatura de Sección de Innovación e Participación Cidadá para operar como responsables autorizados na execución da subvención tanto na operativa interna desta Entidade como ante as Entidades Executoras externas dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA OUTORGADA POLA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ASOCIACIÓN CULTURAL, AGRARIA E AMBIENTAL MUÍÑO DE BARXA PARA COLABORAR NO**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 73/80 |

**FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "OBRADOIROS ARREDOR DAS PLANTAS AROMÁTICAS E HERBAS MEDICINAIS AUTÓCTONAS DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO", NA ANUALIDADE 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Medio Ambiente co CVS IV7UWLHNB46N5PGPSQ6MKYDXAM no que literalmente establece o seguinte:

"Informe de aprobación definitiva de perda do dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excma Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño", na anualidade 2023.

Luis J. Fernández Reija, en calidade de xefe de servizo de Medio Ambiente expón:

*Antecedentes.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día sete de xuño de dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. Declarar decaída á representante da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa, no seu dereito ao trámite de emenda de documentación xustificativa dos gastos enmarcados dentro das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023, reguladoras da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para sufragar gastos derivados da actuación "Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño", no ano 2023 de acordo co artigo 73.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 74/80 |

2. Acordar o inicio do Procedemento de Perda de Dereito de Cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño", na anualidade 2023, por xustificación insuficiente en base ao establecido no artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Rela Decreto 887/2003, de 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. Comunicar á representante da entidade Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa que dispón de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución de inicio de procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño", na anualidade 2023 para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes. (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS)."

Segundo.- Dende o Servizo de Medio Ambiente practicouse electronicamente a notificación da citada resolución, xerándose o acuse automático de rexeitamento da notificación o 22 de xuño de 2024, ao non acceder o interesado ao contido da mesma no prazo establecido.

Terceiro.- A día de hoxe, e transcorrido o prazo de alegacións, non consta que dende a entidade Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa, se efectuasen ou se aportasen documentos no prazo establecido a tal efecto.

*Conclusións*.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, proponse, ao Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente que propoña á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo que resolva:

A aprobación definitiva da Perda de Dereito de Cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excma. Deputación provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Obradoiros arredor




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 75/80 |

das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da reserva da biosfera Terras do Miño”, na anualidade 2023, por xustificación insuficiente en base ao establecido no artigo 89 do regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións aprobado polo rela decreto 887/2003, de 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
Notificar á entidade Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa a presente resolución.”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** A aprobación definitiva da Perda de Dereito de Cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da reserva da biosfera Terras do Miño”, na anualidade 2023, por xustificación insuficiente en base ao establecido no artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Rela Decreto 887/2003, de 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**2º.-** Notificar á entidade Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa o presente acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DENOMINADO LETRADO/A ASESOR/A ESPECIALISTA EN CONSULTIVO-CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO A PROVEER POLO SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vista a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala:

“Art. 101. “Os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios (excepto os que corresponden a funcionarios con habilitación de carácter estatal) proveranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou



| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 76/80 |

de libre designación, de acordo coas normas que regulen estes procedementos en tódalas Administración públicas.
Nas ditas convocatorias de provisión de postos de traballo, ademais da participación dos funcionarios propios da entidade convocante, poderán participar os funcionarios que pertenzan a calquera das Administración públicas, quedando neste caso supeditada a participación ao que ao respecto establezan as relacións de postos de traballo."

"Art. 97.- Os anuncios de convocatorias [...] de concursos para a provisión de postos de traballo deberán publícanse no Boletín Oficial do Estado. As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, [...]".

Visto o artigo 45 do Real Decreto 364/1995, de 10 marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, que regula o concurso específico:

"1. Cando, en atención á natureza dos postos a cubrir, así se determine nas convocatorias, os concursos poderán constar de dúas fases. Na primeira se valorarán os méritos enunciados nos parágrafos b, c, d e e do apartado 1 do artigo anterior conforme aos criterios nel establecidos. A segunda fase consistirá na comprobación e valoración dos méritos específicos adecuados ás características de cada posto. A tal fin poderase establecer a elaboración de memorias ou a celebración de entrevistas, que deberán especificarse necesariamente na convocatoria."

Visto o artigo 91 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia que regula o concurso específico dentro dos procedementos ordinarios de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira onde se recollen as condicións de acceso e as características das convocatorias dos mesmos.

Visto o art. 205.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que literalmente di:

"Os procesos de selección e os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais réxense polas bases que aprobe o órgano a entidade local que resulte competente consonte a lexislación de réxime local, a quen corresponderá tamén a convocatoria".

E o art. 205.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que sinala:



| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 77/80 |

"Os anuncios de convocatorias [...] e dos procedementos para a provisión de postos de traballo deben publicarse no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaranse no boletín oficial da provincia".

Visto o Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación (BOP 31-01-91), que establece que o concurso constitúe o sistema ordinario de provisión de postos de traballo e neste mesmo senso se pronuncia o Regulamento de Acceso, Promoción Interna e Provisión de Postos de Traballo da Deputación, aprobado polo Pleno de 27 de setembro de 2006 (BOP 30-06-2006).

Visto o artigo 1 do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica (BOP 14-01-2020) que establece:

"1. Sen prexuízo da función de asesoramento preceptivo, reservada á Secretaría Xeral, corresponden á Asesoría Xurídica da Deputación as seguintes funcións:
A asistencia xurídica da Administración Provincial.
A asistencia xurídica aos concellos que así o soliciten .
2. A función de asistencia xurídica consiste no asesoramento non preceptivo en dereito e a representación e defensa en xuízo en todo tipo de procesos xudiciais, así como ante órganos administrativos e en procedementos arbitrais.
3. Mediante a formalización do oportuno convenio poderase prestar asistencia xurídica aos entes, sociedades e fundacións públicas e aos consorcios e calquera outra entidade con participación significativa da Deputación de Lugo, de conformidade co disposto nos anteditos convenios e no presente Regulamento. Os convenios que se establezan poderán determinar a compensación económica a aboar como contraprestación e que poderá xerar crédito nos servizos correspondentes da asesoría xurídica de conformidade co disposto na normativa orzamentaria.
4. Asemade, poderase asistir e defender a funcionarios, autoridades e persoal ao servizo da Deputación Provincial, entes dependentes ou vinculados á mesma ou persoal dos Concellos da provincia que o soliciten nos termos previstos no Título III do presente Regulamento."

E o artigo 2 do mencionado regulamento da Asesoría Xurídica onde se indica que:

"a) A Asesoría xurídica está constituída pola dirección da mesma, polos departamentos especializados de (...) e o de Consultivo- Contratación, as unidades administrativas, así como os Letrados-Asesores especialistas, os/as letrados/as e demais persoal funcionario licenciados/as en Dereito do Grupo A que, conforme á




| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 78/80 |

Relación de Postos de Traballo, desenvolvan as funcións propias e específicas da Asesoría Xurídica.
b) A organización da Asesoría Xurídica estrutúrase en catro departamentos especializados:
(...) - Departamento de Consultivo e Contratación.
c) Ao fronte de cada Departamento estará unha persoa funcionaria Letrada-especialista na materia respectiva, que a maiores das funcións que xa tiñan como persoal Letrado asumen a responsabilidade sobre dita especialidade xurídica, e a coordinación e xefatura do persoal do departamento, todo elo baixo a dependencia da Dirección da Asesoría Xurídica, con quen colaborarán como adxuntos a esta na organización e funcionamento da mesma.

Visto o apartado 3º do artigo 3 do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica (BOP 14-01-2020) que establece:

"En caso de extraordinaria e urxente necesidade, cando os postos de traballo da Asesoría Xurídica se atopen vacantes, poderán ser desempeñados provisionalmente conforme aos sistemas de provisión temporal, regulamentados na normativa vixente que sexa aplicable, por persoal da Deputación provincial encadrado nos Grupos A1 ou A2,con título de licenciado/a en Dereito ou graduado, cesando ditas habilitacións cando desaparezan as circunstancias que determinaron o nomeamento ou cando se provexa a praza de forma regulamentaria, podéndose tamén cubrir ditos postos mediante o nomeamento de persoal funcionario interino, de conformidade co establecido na normativa xeral da función pública."

E os apartados terceiro e cuarto do artigo 4 do mesmo regulamento onde se recolle o seguinte:

"(...)
3. Dependendo da Dirección da Asesoría Xurídica existirán Letrados/as-Asesores/as especialistas dos departamentos xa referidos no artigo 2, que ademais das súas funcións como Letrados/as, lles corresponderá colaborar como adxuntos á Dirección da Asesoría na organización e bo funcionamento desta.
4. No caso de ausencia, vacancia ou enfermidade da persoa titular da dirección, esta será substituída polas persoas funcionarias que ocupen os postos de Letrado/as-Asesores especialistas por expresa delegación desta ou atribución da Presidencia da Deputación ou, no seu defecto, polo letrado máis antigo no cargo."




| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 79/80 |

Vista a Relación de Postos de Traballo desta Deputación en vigor, na que sinala, entre outros extremos, que o posto de traballo nº 989, denominado Letrado Asesor especialista en Consultivo- Contratación, se atopa en situación de vacante.

Por todo o exposto, e dada a especialidade das funcións e tarefas do citado posto, propoño que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en uso das atribucións que, por delegación da Presidencia lle confire o regulamento orgánico da Entidade Provincial, resolva:

**1º.-** Aprobar as bases que rexerán a provisión, polo sistema de concurso específico de méritos, do posto de Letrado Asesor especialista en Consultivo- Contratación, adscrito á Asesoría Xurídica.

**2º.-** Convocar, polo sistema de concurso específico de méritos, a provisión do posto de traballo denominado Letrado Asesor especialista en Consultivo- Contratación.

**3º.-** Ordenar a publicación da convocatoria e das Bases para a provisión, polo sistema de concurso específico de méritos, do devandito posto de traballo, xunto co anexo I, os correspondentes diarios oficiais.

**4º.-** Ordenar a realización de cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo a cobertura do posto de traballo convocado."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.




| | IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Fecha y Hora | 29/07/2024 18:14:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | MONSERRAT CONDE LÓPEZ | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQ3J5GF6CTJG3YY4M64ISNY | Página | 80/80 |